



PREGUNTA ORAL SOBRE O CONVENIO PARA O FUNCIONAMENTO DO BOTAFUMEIRO NA CATEDRAL DE SANTIAGO

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o ano 2013 o Concello de Santiago –a través de Turismo de Santiago- viña participando, mediante un convenio xunto coa Asociación de Hostalería Compostela e a Cámara de Comercio, no custo do funcionamento do Botafumeiro durante a Misa do Peregrino que se celebra todos os venres do ano a partir das 19,30 horas.

O actual Goberno de Compostela Aberta renovou por un ano, en febreiro de 2016, este convenio como “Homenaxe ao peregrino” mediante o que cada unha das tres partes asinantes comprometíase a achegar antes do 30 de xuño a cantidade de 4.000 euros en concepto de taxas polo servizo de funcionamento do Botafumeiro. Esta acción, en palabras da concelleira en materia de Turismo, era “un xeito de garantir máis pernoctas en Compostela, sobre todo cara á fin de semana” e desde o Goberno apostábase por “manter a colaboración entre os distintos sectores da cidade para lograr unha maior desestacionalización turística, e tamén para lograr os mellores resultados turísticos cara ao Ano Santo de 2021”.

Malia esas declaracións, desde o inicio deste ano o Batafumeiro deixou de funcionar na Misa do Peregrino dos venres, ao parecer por non se ter renovado o convenio por causa das dificultades económicas da asociación de hostaleiros.

Tendo en conta o anterior, formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta no Pleno:

Que xestións ten feito o Concello para lograr a renovación do convenio para contribuír a sufragar os custos do funcionamento do Botafumeiro da Catedral na Misa do Peregrino dos venres e que medidas pensa adoptar para recuperar esta actividade como “un xeito de garantir máis pernoctas en Compostela”?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2017.

María Ángeles Antón Vilasánchez
Concelleira do Grupo Popular